

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 15/98.

R E S O L U C I Ó N

PRESIDENTE:

Don Luis González Vázquez.

VICEPRESIDENTE:

Don Francisco Caamaño Pajares.

VOCALIS:

Don Manuel Martínez Garrido.

Don Manuel Veiga Franco.

Don José Antonio Illán Torrón.

Don Emilio Sánchez Coto.

SECRETARIO:

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a quince de xuño de mil novecientos noventa e nove, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número 15/98 para a clasificación como veciñais en man común dos montes "CADAVAL, LOUSEIRAS e TOXAL NOVO", no concello de ABADÍN, iniciado por acordo do Xurado coa data do 26 de maio de 1998, sendo vocal instructor do mesmo DON MANUEL MARTÍNEZ GARRIDO, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vocal instructor (coa data do 15 de xuño de 1998), iniciouse o expediente número 15/98 (por instancia de DON ARMANDO SEOANE LÓPEZ e 5 veciños máis da parroquia de VILARENTE, concello de ABADÍN), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da ACTA da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vocal instructor.

SEGUNDO: Coa data do 20 de agosto de 1998, recabouse do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería

de Medio Ambiente, certificación relativa a se os montes de referencia figuran incluídos ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

TERCEIRO: Coa data do 26 de agosto de 1998, recibíuse certificación do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que os montes " CADAVAL, LOUSEIRAS e TOXAL NOVO ", non figuran incluídos no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de LUGO.

CUARTO: Coa data do 31 de agosto de 1998 (rexistro de saída número 80.267, do día 4 de setembro do mesmo ano), solicitáronse do Rexistro da Propiedade de MONDOÑEDO os documentos seguintes: 1º) certificación dos asentos que poidan afectar ós terreos en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estean inscritos, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos; e 2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: Coa data do 12 de setembro de 1998, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de MONDOÑEDO, na que se fai constar que vista a solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, non se atopa inscrito nese Rexistro ningún predio coa denominación que se expresa na citada solicitude.

SEXTO: Coa data do 30 de setembro de 1998, comunicóuselle ó Servicio Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente a iniciación do expediente.

SÉTIMO: Coa data do 30 de setembro de 1998 (rexistros de saída números 89.737 e 89.738, do día 2 de outubro do mesmo ano), comunicóuselle ó concello de ABADÍN a iniciación do expediente e remitíronselle EDICTOS para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia ós que pertence o citado monte.

OITAVO: Coa data do 30 de setembro de 1998 (rexistro de saída número 89.740, do día 2 de outubro do mesmo ano), comunicóuselle ó solicitante DON ARMANDO SEOANE LÓPEZ, veciño do lugar de VILASEÑOR,

parroquia de **VILARENTE**, concello de **ABADÍN**, a iniciación do expediente.

NOVENO: Coa data do 30 de setembro de 1998 (registro de saída número 89.741, do día 2 de outubro do mesmo ano), comunicóuselle ó Rexistro da Propiedade de **MONDOÑEDO**, a iniciación do expediente e solicitouse **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

DÉCIMO: Coa data do 30 de setembro de 1998, remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 30 de outubro de 1998, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 211, páxina 11.787, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación dos montes "**CADAVAL, LOUSEIRAS e TOXAL NOVO**".

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 6 de novembro de 1998, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de **MONDOÑEDO**, na que se fai constar a **ANOTACIÓN PREVENTIVA** feita polo mesmo (tomo 631 do arquivo, libro 36 de **ABADÍN**, folio 157, predio 5.449, anotación letra A).

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 6 de novembro de 1998 (registro de saída número 107.519, do día 9 do mesmo mes e ano), remitiuse **CORRECCIÓN DE ERROS** para a súa publicación no **D.O.G.**, coa finalidade de rectifica-la data da iniciación do expediente, na publicación do **EDICTO** feita no **D.O.G.** número 211, páxina 11.787.

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 11 de novembro de 1998 (registro de entrada número 98/169.216), recibíuse escrito asinado por **DON MODESTO EXPÓSITO GONZÁLEZ** e **DON BELARMINO GARCÍA RODRÍGUEZ**, ámbolos dous veciños do lugar de **VILASEÑOR**, parroquia de **VILARENTE**, concello de **ABADÍN**, no que alegan que hai uns 15 anos veñen posuíndo dous predios destinados a prado (cunha superficie aproximada de 2 hectáreas o predio do primeiro asinante e cunha superficie aproximada de 53 áreas o predio do segundo). Están situados nun extremo do monte "**CADAVAL**" e suplican que de estar afectados, sexan excluídos da posible

clasificación do citado monte como veciñal en man común.

DÉCIMO QUINTO: Coa data do 12 de novembro de 1998 (rexistro de entrada número 170.133), recibíuse escrito de **DON ARMANDO SEOANE LÓPEZ**, veciño de **VILASEÑOR**, parroquia de **VILARENTE**, concello de **ABADÍN** (asinante do escrito de solicitude), no que informa que tres veciños veñen ocupando unha porción do monte sen contar cos outros 27 veciños do mesmo lugar. Di que estes veciños opóñense á clasificación dos montes como veciñais en man común e pide que a Consellería medie no desacordo entrámbalas dúas partes. (Xunta copia dunha sentenza do Xulgado de Paz de **ABADÍN**, relacionada cos montes deste expediente).

DÉCIMO SEXTO: Coa data do 2 de decembro de 1998, recibíuse certificación do concello do **ABADÍN**, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no tablón de anuncios dese concello durante o prazo dun mes e sen que nese prazo se producira ningunha reclamación.

DÉCIMO SÉTIMO: Coa data do 10 de decembro de 1998, aparece publicada no D.O.G. número 238, páxina 13.243, a **CORRECCIÓN DE ERROS** pola que se rectifica a data da iniciación do expediente.

DÉCIMO OITAVO: Coa data do 14 de xaneiro de 1999 (rexistro de saída número 4.275), remitiuse escrito a **DON ARMANDO SEOANE LÓPEZ**, no que se lle informa que ó estar en tramitación o expediente número 15/98 e mentres non haxa resolución firme do mesmo, a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente non está facultada para intervir nas posibles desavenencias entre veciños, con respecto á titularidade do monte.

DÉCIMO NOVENO: Como vocais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento de clasificación, resultaron elixidos:

DON ARMANDO SEOANE LÓPEZ.

DON FERNANDO PAZ UZ.

VIXÉSIMO: O apartado 5. **CONCLUSIÓN.**, que figura na carpeta-ficha de investigación previa, dí o seguinte: << 1) El monte " **CADAVAL, LOUSEIRAS e TOXAL NOVO** " presenta una zona indivisa y sujeta a aprovechamientos mancomunados, que es claramente definible como vecinal en mano común. >>

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñecer o expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Os montes " CADAVAL, LOUSEIRAS e TOXAL NOVO ", tal e como se describen seguidamente revisten o carácter de veciñais en man común, cumprindo os requisitos do artigo 1 da citada Lei. No monte "CADAVAL" propónse excluír os predios que foron transformados en pastizais e pinar, e que se consideran na actualidade propiedade de DON MODESTO EXPÓSITO GONZÁLEZ, DON BELARMINO GARCÍA RODRÍGUEZ e DON MANUEL CABADO SEOANE, (2 hectáreas aproximadamente), o resto, menos un cultivo temporal de cereais, está cuberto de toxos e xestas de ata dous metros de altura, non presentando aproveitamentos individuais. O monte " LOUSEIRAS " esta cuberto na súa totalidade de toxos e xestas, non presentando aproveitamentos individuais. O monte " TOXAL NOVO " tamén está cuberto case na súa totalidade por toxos e xestas de ata dous metros de altura e con algúns bidueiros diseminados, máis frecuentes nas partes baixas. Tampouco presenta aproveitamentos individuais.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, resolve:

CLASIFICAR como veciñais en man común os montes das seguintes características:

Nomes:	" CADAVAL, LOUSEIRAS e TOXAL NOVO ".
Pertenza:	veciños do lugar de Vilaseñor.
Parroquia:	Vilarente.
Superficie:	10,50 ha.
Concello:	Abadín.

Estremas:

Parcela I " **CADAVAL** " (6 hectáreas):

Norte: monte da comunidade de Abeledo. Leste: estrada e termo municipal da Pastoriza. Sur: camiño ou pista e predio particular de **DON MODESTO EXPÓSITO GONZÁLEZ**. Oeste: predios particulares de veciños de Vilaseñor.

Parcela II " **LOUSEIRAS** " (2 hectáreas):

Norte: predios particulares de veciños de Vilaseñor. Leste: camiño e predios particulares. Sur: máis predios particulares de veciños de Vilaseñor. Oeste: máis predios particulares de veciños de Vilaseñor.

Parcela III " **TOXAL NOVO** " (2,5 hectáreas):

Norte: predios particulares de veciños de Vilaseñor e Vilarente. Leste: predios particulares de veciños de Vilaseñor e Vilarente. Sur: predios particulares de veciños de Vilaseñor e Vilarente. Oeste: predios particulares de veciños de Vilaseñor e Vilarente.

(Exclúense desta clasificación os predios sinalados no Fundamento de Dereito 2º, propiedade de **DON MODESTO EXPÓSITO GONZÁLEZ**, **DON BELARMINO GARCÍA RODRÍGUEZ** e **DON MANUEL CABADO SEOANE**).



[Handwritten signatures and scribbles in blue and black ink, including a large signature on the right and several overlapping scribbles on the left and center.]

Los aprovechamientos actuales consisten en el pastoreo, recogida de leñas y esquilmos.

1.5. ACTITUD DE LA COMUNIDAD PROPIETARIA.

Estos montes presentan una zona indivisa y sujeta a aprovechamiento mancomunado y es considerada por la comunidad propietaria como vecinal en mano común.

Es por ello que los citados vecinos se ponen en contacto con la Administración Forestal demandando de ella la clasificación de los terrenos afectados como vecinales en mano común.

2. ESTADO FISICO.

2.1. SITUACION, ORIENTACION, PENDIENTES, ALTITUD, ACCESOS.

El monte denominado CADAVAL, LOUSEIRAS y TOXAL NOVO, está situado - en la sierra "Corda da Neda", que conforma la cuenca alta del río Miño y separa los municipios de Abadín y Pastoriza.

La orientación dominante es Sur o Suroeste, las pendientes son moderadas o fuertes y las cotas de altura se sitúan entre los 682 metros y los 560 metros.

Los accesos al monte son buenos, dado que numerosas pistas y caminos, comunican los tres perímetros del monte con el resto de la red de carreteras locales.

2.2. SUPERFICIE.

Doce y media (12'5) Hectáreas.

2.3. LIMITES.

Parcela I (CADAVAL). Norte, monte de la comunidad de Abeledo. Este, término municipal de Pastoriza. Sur y Oeste, propiedades particulares de vecinos de Vilaseñor.

Parcela II (LOUSEIRAS). Norte, propiedades particulares de vecinos de Vilaseñor. Este, camino y propiedades particulares. Sur y Oeste, más propiedades particulares de vecinos de Vilaseñor.

Parcela III (TOXAL NOVO). Norte, Este, Sur y Oeste, propiedades particulares de vecinos de Vilaseñor y de Villarente.

3. ESTADO ECONOMICO.

3.1. ESTADO FORESTAL.

La vegetación natural arbórea está formada por la típica "Fraga", - representada por el "Quercus robur". Se localiza en las vaguadas y en el fondo de las laderas, en pequeños rodales.


En cotas de más altura se encuentra el monte raso, poblado principalmente por tojos, brezos y retamas de medio desarrollo. El estado general del monte es de regresión.

No existen aprovechamientos.

3.2. ESTADO SOCIO - ECONOMICO.

Comarca escasamente poblada, cuyos núcleos de población o aldeas, - están diseminados. En consecuencia, la mano de obra escasea.

La economía de la zona se encuentra poco desarrollada. La vocación de la población es la ganadería y la agricultura de autoconsumo. La actividad forestal es escasa e igualmente subdesarrollada.



ESCALA 1:10.000

SUPERFICIE	PARCELA	III	2,50 Ha.
"	"	II	2,00 Ha.
"	"	I	6,00 Ha.

SUPERFICIE TOTAL 10,50 Ha.

Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **20 de decembro de 2021**, figura o seguinte acordo:

Monte **Cadaval, Louseiras e Toxal Novo** (exp. 15/98), pertencente aos veciños de **Vilaseñor**, na parroquia de **Vilarente**, concello de **Abadín**.

O 15.9.2020 tivo entrada unha solicitude asinada polo presidente da comunidade, para que se proceda á revisión do esbozo conforme á documentación que achega. Tralo requirimento oportuno, a solicitude foi mellorada o 9.8.2021.

O 1.12.2021, o Servizo de Montes elabora unha proposta de novo esbozo (2020_42) na que a superficie do monte de Cadaval, Louseiras e Toxal Novo pasa a ser de 12,9508 hectáreas.


Examinada a devandita proposta, o xurado, por unanimidade, ACORDA aceptala e proceder á incorporación do novo esbozo ao expediente.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da presidenta do xurado.

A secretaria do xurado
Lucía Belver Quiroga

Visto e praxe
A presidenta do xurado
M^a Olga Iglesias Fontal





Xacobeo 21-22

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO
SERVIZO DE MONTES

Plano de:
Carpeta: 15_98/2020_42
Revisión de esbozo no monte veciñal en man
común de Cadaval, Louseiras e Toxal Novo

Monte: **Cadaval, Louseiras e Toxal Novo**
Pertenza: **Vilaseñor**
Superficie previa: **10,5 ha (Dixitalizadas 11,1315 ha)**
Superficie revisada: **12,9508 ha**
Municipio: **Abadín**

Escala: 1:5.000

Plano 5: Monte posterior sobre
Catastro

Visto e prace
O xefe de Servizo de Montes
(asinado dixitalmente á marxe)

O xefe de área técnica
(asinado dixitalmente á marxe)

- Catastro
- Monte_posterior
- Entidades de Poboación
- Concellos_IGN

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89





Xacobeo 21-22

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO
SERVIZO DE MONTES

Plano de:
Carpeta: 15_98/2020_42
Revisión de esbozo no monte veciñal en man
común de Cadaval, Louseiras e Toxal Novo

Monte: **Cadaval, Louseiras e Toxal Novo** Municipio: **Abadín**
Pertenza: **Vilaseñor**
Superficie previa: **10,5 ha (Dixitalizadas 11,1315 ha)**
Superficie revisada: **12,9508 ha**

Escala: 1:500

Plano 5.1: Monte posterior sobre
Catastro

- Catastro
- Monte_posterior
- Entidades de Poboación
- Concellos_IGN

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89

Visto e prace
O xefe de Servizo de Montes
(asinado dixitalmente á marxe)

O xefe de área técnica
(asinado dixitalmente á marxe)